



O vindeiro sábado 10 de abril producirase o arranque da 4ª edición do Festival Alternativo Millo Verde, desta vez coa celebración do 3º Concurso de Maquetas Millo Verde.

Tendo en conta o éxito deste evento, que no ano 2008 recibiu 14 traballos e no ano 2009 duplicou a participación, provindo estes de toda a nosa xeografía (A Coruña, A Estrada, Monterroso, Bueu...) e acadándose o número total de 34 maquetas recibidas.

Por todo isto, consideramos importante volver a levar a cabo este proxecto avalándonos nos datos expostos anteriormente, que demostran que Redondela é un referente na organización deste tipo de concursos.

O prazo de presentación será desde o 15 de xaneiro de 2010 e o 15 de marzal de 2010.

BASES DO CONCURSO:

- 1. Poden participar todos os grupos ou solistas con residencia na Galiza ou en Portugal que non teñan disco editado, a excepción dos traballos autoeditados ou aqueles que non teñan firmado un contrato discográfico. Si é posibel a inscrición dos artistas que publicaran singles ou extended plays, ou os que participasen en discos recopilatorios.*
- 2. O prazo de inscrición ábrese o 15 de Xaneiro de 2010 e finalizará o 15 de Marzal de 2010.*
- 3. Admítense traballos encadrados en calquera estilo musical.*
- 4. Os traballos constarán de tres cancións de composición propia e que, como mínimo, terán que ser enviados en formato CD audio, acompañado dunha breve reseña biográfica (compoñentes, estilo, procedencia, concertos realizados, etc.) que non exceda de 50 liñas. É imprescindible unha nota coa dirección postal, número de teléfono, e-mail (se se dispón del) e persona de contacto. Todo o material debe ser enviado nun mesmo sobre e por correo certificado ou presentado en persona na seguinte dirección:*

CONCURSO DE MAQUETAS MILLO VERDE
C/Eduardo Blanco Amor, 11, 3ºE
36800 - Redondela
PONTEVEDRA

5. *Non se devolverá o material recibido.*
6. *De todos os traballos seleccionaranse un mínimo de tres finalistas que participarán nunha festa concerto, que terá lugar o 10 de Abril de 2010. De entre os tres finalistas decidirase o gañador do concurso mediante votación entre os asistentes á festa concerto. O finalistas daranse a coñecer na páxina web milloverde.blogaliza.org. É imprescindible ter un repertorio para directo de 40 minutos de duración como mínimo.*
7. *O gañador do concurso obterá o dereito a formar parte do festival Millo Verde, que terá lugar os días 11, 12 e 13 de Xuño, percibindo 300 € como contrapartida pola súa participación.*